

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE JUGADORES ANÓNIMOS (AGAJA)

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, establece que o conselleiro é a autoridade superior da Consellería e como tal ostenta a representación do departamento que preside

ANTECEDENTES

A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, no exercicio das súas competencias, está a desenvolver diferentes programas e accións encamiñadas a lograr o efectivo achegamento da Administración aos cidadáns. Entre outras actuacións colabora para solucionar situacións sociais problemáticas, ben directamente ou cooperando con institucións dedicadas a proporcionar apoio e prestar determinados servizos aos cidadáns carentes de capacidade para facer fronte ás súas necesidades persoais.

A Asociación AGAJA leva a cabo programas de axuda á persoas que padecen a enfermidade da ludopatía ofrecendo atención médica, psicoterapéutica, asesoramento xurídico e os apoios necesarios para a rehabilitación e inclusión social dos afectados.

FINALIDADE

Para os efectos sinalados tense previsto formalizar con esta asociación o convenio arriba sinalado por un período de vixencia que abrangue desde a sinatura del ata o cumprimento polas partes, dos deberes asumidos. En ningún caso excederá do 30 de decembro do 2022.

O Convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia Xustiza e Turismo, e a Asociación AGAJA, para apoiar financeiramente á entidade na realización dos servizos que veñen prestando.



É necesario destacar a labor realizada pola devandita asociación no apoio ao colectivo de persoas afectadas pola ludopatía e ás súas familias, así como a labor de difusión e sensibilización que axuda a detectar o problema coa finalidade de realizar as actuacións preventivas necesarias e que fomente o apoio e a comprensión social para con estas persoas.

Entre os seus fins destacan;

- * Desenvolve-los dereitos, auxilio, colaboración e solidariedade con persoas ou colectivos de persoas que teñan ou poidan ter trastornos de conduta, control ou doutra natureza derivados dos xogos de azar ou doutro tipo de actividade que constitúa ou poida constituír un trastorno psicolóxico condutual
- * Desenvolver os dereitos, auxilio, colaboración e solidariedade cos familiares ou persoas afíns ás persoas e colectivos reflectidos no punto anterior afectadas pola súa conduta
- * Levar a cabo as actividades terapéuticas ou lúdicas precisas para a recuperación das persoas con trastornos derivados dos xogos de azar ou semellantes, e dos seus familiares
- * Promover e apoiar a súa reinserción social, e a dos seus familiares ou persoas afíns.
- * Sensibilizar á sociedade en xeral e, especialmente no ámbito familiar, escolar e laboral, sobre os riscos que os xogos de azar ou semellantes supoñen ó xogador habitual e ós seus familiares.

A Asociación AGAJA desenvolve a súa labor en toda a Comunidade Galega.

De acordo co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, cómpre salientar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública en atención ás peculiaridades da entidade, xa que unicamente existen en Galicia dúas asociacións que teñan esta finalidade como actividade específica e que colaboran coa DXEI no campo da protección e axuda ao colectivo con patoloxía de adicción ao xogo e vanse subscribir convenios idénticos coas dúas. Para contribuír ao cumprimento dos obxectivos fixados no convenio de



colaboración, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, aboará á asociación a cantidade de cinco mil euros (5.000 euros) que se imputarán á aplicación orzamentaria 05 25 212A 481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma par o ano 2022.

Polo exposto considérase conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación AGAJA dirixido a paliar os problemas do colectivo de persoas con adicción ao xogo en Galicia e prever e sensibilizar á sociedade a través de campañas de información e divulgación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
Director xeral de emerxencias e interior
Santiago Villanueva Álvarez

